

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2015/16.*

BDNS (Identif.): 313470.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

##### Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que finalizou os estudos profesionais de Música, os estudos profesionais de Danza ou de ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas e Deseño no curso 2015/16 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha nota media igual ou superior a 8,75 nos dous últimos cursos das ensinanzas profesionais de Música e Danza ou cunha nota media final igual ou superior a 8,75 no ciclo formativo de grao superior de Artes Plásticas e Deseño cursado.

##### Segundo. *Obxecto*

Convocar premios extraordinarios de ensinanzas artísticas profesionais para o alumnado que finalizou os estudos profesionais de música, os estudos profesionais de Danza ou de ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas e Deseño no curso 2015/16 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2015/16.



Cuarto. *Importe*

A dotación total é de será de 5.100 €, que non poderá exceder os 850 € por premio.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e o 9 de setembro de 2016.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

